

**PROXECTO LINGÜÍSTICO DO IES MONCHO VALCARCE**

## **ÍNDICE:**

**1. Introducción.**

**2. Situación actual do alumnado do centro no referente ao uso das linguas.**

**3. Decisión sobre as linguas en que se impartirán as materias.**

**4. Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as súas ensinanzas.**

**5. Obxectivos xerais e liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.**

**5.1. Obxectivos xerais**

**5.2. Obxectivos particulares adecuados ós distintos sectores.**

**5.3. Decrición detallada das actividades de dinamización lingüística para cada un dos obxectivos propostos.**

**6. Impartición de materias en línguas estranxeiras.**

## 1. Introducción

En cumprimento do estipulado no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e no seo da comisión de coordinación pedagóxica do centro redáctase este proxecto e apróbbase no Consello Escolar o día 8 de xuño de 2011.

## 2. Situación actual do alumnado do centro no referente ao uso das linguas.

A situación de partida do alumnado do centro no referente ao uso das linguas queda reflectida nos seguintes datos extraídos do inquérito sobre hábitos lectores do alumnado, no marco do Proxecto Lector de Centro que está a elaborar o equipo de biblioteca. Contestaron o cuestionario un total de 249 alumnos e alumnas, 34 de 1º da ESO, 47 de 2º da ESO, 36 de 3º ESO, 47 de 4ª da ESO, 53 de 1º de Bacharelato, e 32 de 2º de Bacharelato.

Ante a pregunta *Que lingua empregas habitualmente*, as respostas foron as seguintes:

### Lingua habitual do alumnado do centro

TOTAL	
Castelán	32,0%
Galego	40,9%
Ambas	25,5%
N/C	1,6%

### Lingua habitual, segundo o xénero

Mozos (105 inquéritos)	
Castelán	25,7%
Galego	43,8%
Ambas	29,5%
NC	1,0%

Mozas (141 inquéritos)	
Castelán	36,2%
Galego	38,3%
Ambas	23,4%
NC	2,1%

### Lingua habitual, segundo o curso do alumnado

<b>1º ESO</b>	
Castelán	29,4%
Galego	35,3%
Ambas	29,4%
N/C	5,9%

<b>3º ESO</b>	
Castelán	22,2%
Galego	50,0%
Ambas	27,8%

<b>1º Bacharelato</b>	
Castelán	39,6%
Galego	34,0%
Ambas	26,4%

<b>2º ESO</b>	
Castelán	17,0%
Galego	51,1%
Ambas	27,7%
N/C	4,3%

<b>4º ESO</b>	
Castelán	48,9%
Galego	31,9%
Ambas	19,1%

<b>2º Bacharelato</b>	
Castelán	28,1%
Galego	46,9%
Ambas	25,0%

### Lingua habitual, segundo o concello de residencia

<b>As Somozas</b> (36 inquéritos)	
Castelán	11,1%
Galego	69,4%
Ambas	19,4%

<b>Monfero</b> (4 inquéritos)	
Castelán	0,0%
Galego	75,0%
Ambas	0,0%
NC	25,0%

<b>As Pontes</b> (parroquias agás Sta. María) (28 inquéritos)	
Castelán	7,1%
Galego	82,1%
Ambas	10,7%

<b>Xermade</b> (18 inquéritos)	
Castelán	16,7%
Galego	61,1%
Ambas	22,2%

<b>As Pontes (Sta. María)</b> (150 inquéritos)	
Castelán	48,3%
Galego	20,5%
Ambas	29,1%
NC	2,0%

<b>A Capela</b> (12 inquéritos)	
Castelán	0,0%
Galego	83,3%
Ambas	16,7%



### 3. Decisión sobre as linguas en que se impartirán as materias.

#### Distribución de horas na ESO

Materias	Cursos				T.h.	Idioma	
	1º	2º	3º	4º		G	C
Bioloxía e xeoloxía	-	-	2	3	0	-	-
Ciencias da natureza	4	3	-	-	0	-	-
Ciencias sociais, xeografía e historia	3	3	3	3	0	-	-
Educación física	2	2	2	2	8	0	8
Educación para cidadanía e d.h.	-	2	-	-	2	2	0
Educación ético cívica	-	-	-	1	1	1	0
Educación plástica e visual	2	-	2	3	7	0	7
Física e química	-	-	2	3	0	-	-
Informática	-	-	-	3	3	0	3
Laboratorio	-	-	2	3	5	0	5
Latín	-	-	-	3	3	3	0
Lingua galega e literatura	4	3	3	3	0	-	-
Lingua castelá e literatura	4	3	3	3	0	-	-
Primeira lingua estranxeira	3	3	3	3	0	-	-
Segunda lingua estranxeira	2	2	-	3	0	-	-
Matemáticas	4	4	4	3	0	-	-
Matemáticas Bil	4	-	-	-	0	-	-
Música	-	2	2	3	7	7	0
Tecnoloxía	-	-	-	3	0	-	-
Tecnoloxías	-	3	2	-	0	-	-
Relixión	2	1	1	1	5	5	0
Atención Educativa	2	1	1	1	5	0	5
Cultura clásica	-	-	2	-	2	2	0
Taller de iniciativas emprendedoras	-	-	2	3	5	5	0
Proxecto interdisciplinar	1	-	-	-	1	0	1
Proxecto interdisciplinar Bil	1	-	-	-	-	-	-
Titoría	1	1	1	1	4	4	0
<b>Totais</b>	-	-	-	-	58	29	29



**Distribución de horas en Bacharelato: Materias comúns.**

Materias	Cursos		Idioma		
	1º	2º	T.h.	G	C
Lingua castelá e literatura I e II	3	3	6	-	-
Lingua estranxeira I e II	3	3	6	-	-
Lingua galega e literatura I e II	3	3	6	-	-
Segunda lingua estranxeira I e II	4	4	8	-	-
Ciencias mundo contemporáneo	2	0	2	2	0
Educación física	2	0	2	0	2
Filosofía e cidadanía	2	0	2	0	2
Historia da filosofía	0	3	3	3	0
Historia de España	0	3	3	3	0
Relixión	1	1	2	0	2
<b>Total materias comúns</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>40</b>	<b>8</b>	<b>6</b>

**Distribución de horas en Bacharelato: Materias Propias de modalidade e optativas.**

Bioloxía	0	4	4	0	4
Bioloxía e xeoloxía	4	0	4	4	0
Ciencias da terra e ambientais	0	4	4	4	0
Debuxo técnico I e II	4	4	8	0	8
Economía	4	0	4	0	4
Economía de empresa	0	4	4	0	4
Electrotecnia	0	4	4	0	4
Física	0	4	4	0	4
Física e química	4	0	4	4	0
Grego I e II	4	4	8	8	0
H <sup>a</sup> do mundo contemporáneo	4	0	4	4	0
Historia do arte	0	4	4	0	4
Latín I e II	4	4	8	8	0
Matemática I e II	4	4	8	8	0
Matemáticas apli. ciencias sociais I e II	4	4	8	8	0
Química	0	4	4	4	0
Tecnoloxía industrial I e II	4	4	8	0	8
Xeografía	0	4	4	4	0
Antropoloxía	4	0	4	4	0
Debuxo Artístico	4	4	4	0	8
Métodos estatísticos e numéricos	0	4	4	4	0
Música	4	0	4	0	4
TICS	4	0	4	0	4
<b>Total materias prop. mod. e opt.</b>	<b>56</b>	<b>64</b>	<b>116</b>	<b>64</b>	<b>56</b>



#### **4. Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as súas ensinanzas.**

En liñas xerais, a lingua vehicular tanto do centro como do concello e das entidades asociativas do contorno é o galego. Agora ben, a porcentaxe de familias dos alumnos do IES Moncho Valcarce das Pontes que ten como lingua habitual o galego é semellante á que ten como lingua habitual o castelán.

En xeral, podemos afirmar que a inmensa maioría do alumnado posúe unha competencia lingüística aceptable, tanto en galego como en castelán.

Por outra banda, dentro do conxunto de medidas de atención á diversidade que se están a desenvolver no centro xa se contemplan diversas accións que inciden no reforzo e mellora das capacidades de comprensión e expresión por parte do alumnado que amosa carencias en ditas destrezas tanto en galego como en castelán. Este tipo de medidas, tamén aplicables ao alumnado estraxeiro, son as seguintes:

- Horas de reforzo de linguas.
- Horas de reforzo educativo coa PT.

#### **5. Obxectivos xerais e liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.**

Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas para poder acadalos aparecen xa recollidos no *Proxecto do uso do galego do equipo de dinamización da lingua galega* aprobado polo Consello Escolar do centro e serían os seguintes:

##### **5.1. Obxectivos xerais**

- Valorar a lingua galega como propia de Galicia.
- Utilizar a lingua galega, oralmente e por escrito, como instrumento para a comunicación interpersonal e para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.
- Utilizar a lingua galega para a comprensión, e para a elaboración de informacións orais e escritas, atendendo ás características formais de cada unha delas.

##### **5.2. Obxectivos particulares adecuados ós distintos sectores:**

- Implicar de forma activa a todos os membros da comunidade educativa no proxecto. *(Este obxectivo involucra a todos os sectores, isto é, ó contorno do centro, ó profesorado, ó alumnado e a outros membros da comunidade educativa.)*
- Primar a orixinalidade para incidir nos usos reais, orais e escritos, da comunidade educativa. *(Este obxectivo pretende fomentar a creatividade e as actividades amenas para que todos os sectores participen coas súas ideas no proxecto)*



- Potenciar as competencias activas sobre as pasivas, con especial atención a aquelas que fomenten a oralidade. *(Este obxectivo busca favorecer a comunicación entre todos os sectores mediante a potenciación do uso oral)*
- Utilizar as novas tecnoloxías. *(Este obxectivo persegue a utilización do noso idioma nas novas tecnoloxías, implicando non só o alumnado, senón tamén o profesorado e outros colaboradores externos)*
- Potenciar o uso da lingua fóra do centro en colaboración con outras institucións, entidades ou asociacións externas ó centro. *(Este obxectivo pretende que os distintos sectores empreguen a lingua galega nas actividades propostas)*
- Colaborar con outros centros educativos no deseño da planificación lingüística e/ou realización de actividades. *(Este obxectivo ten como finalidade que todos os sectores das comunidades educativas dos centros que realizan as súas actividades en conxunto empreguen o galego)*
- Realizar actividades plurianuais. *(Este obxectivo procura unha liña de continuidade no proxecto e unha serie de accións regulares nas que toda a comunidade educativa poida participar)*
- Diversificar as actividades ó longo do curso de xeito que estas resulten numerosas e coherentes cos obxectivos propostos. *(Este obxectivo, unha vez máis, involucra os distintos sectores, xa que coa súa consecución todos saen gamando).*

### **5.3. Decrición detallada das actividades de dinamización lingüística para cada un dos obxectivos propostos.**

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do noso IES ten previsto levar a cabo unha serie de actividades ó longo do ano coas que poder acadar os obxectivos particulares propostos e con estes os xerais. A continuación preséntanse de forma detallada as distintas accións dinamizadoras que contribúen a lograr os obxectivos particulares.

#### **a) Implicar de forma activa a todos os membros da comunidade educativa no proxecto.**

As actividades que fundamentalmente implican a toda a comunidade educativa son:

- O visionado de curtametraxes e películas en galego.





- O obradoiro de xoguetes populares.
- O asesoramento lingüístico a calquera membro da comunidade escolar que o demande.
- A recollida de información actualizada no taboleiro do EDLG “Cousas da lingua”, situado no vestíbulo do noso edificio principal, para promover unha actitude reflexiva ante diferentes novas sobre a situación actual da nosa lingua, ademais de informar sobre convocatorias de certames, obras de lectura...
- A dinamización da lectura en galego desde a nosa Biblioteca, así como desde a Biblioteca Municipal.
- A colaboración coas actividades propostas polos distintos departamentos, a Vicedirección e o Concello que estean relacionadas co uso da nosa lingua. (encontro con escritores, saídas didácticas, celebración do Día das Letras Galegas, campañas informativas, actividades de carácter conmemorativo ou celebración de festividades tradicionais como o entroido, o magosto...)
- Os certames literarios e concursos relacionados co fomento do uso da lingua galega, dentro e fóra do centro.
- A adquisición de material bibliográfico e videográfico en galego para os membros da comunidade educativa, adquisición coa que pretendemos seguir mellorando a competencia lingüística do noso centro e contribuír a facer desaparecer prexuizados.

**b) Primar a orixinalidade para incidir nos usos reais, orais e escritos, da comunidade educativa.**

Co fin de conseguir a máxima participación posible, no noso proxecto tratamos de primar a orixinalidade das actividades. Encamiñadas a este fin propoñemos actividades como:

- O obradoiro de xogos populares galegos.
- A elaboración dun logo para o EDLG.
- O concurso de imaxes con lema en galego.
- O concurso de tarxetas de Nadal.
- O concurso de declaracións de amor.

**c) Potenciar as competencias activas sobre as pasivas, con especial atención a aquelas que fomenten a oralidade.**

A potenciación das competencias activas sobre as pasivas pode verse en actividades como:

- O certame literario.
- O concurso de imaxes.



**I.E.S. MONCHO VALCARCE**  
Rúa Xosé M<sup>a</sup> Penabad López s/n  
15320 As Pontes  
Tel: 981 451351 Fax: 981 440748  
ies.moncho.valcarce@edu.xunta.es



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



- A elaboración do logo.
- O concurso de tarxetas de Nadal.
- O concurso de declaracións de amor.
- O obradoiro de xoguetes populares.
- A campaña de pegatinas para o comercio das Pontes.

#### **d) Utilizar as novas tecnoloxías.**

Entre as actividades nas que se pode ver o fomento das novas tecnoloxías por parte do EDLG destacamos as seguintes:

- No concurso de imaxes, estas son entregadas en formato dixital. O alumnado encárgase de elaboralas, modificándoas con programas de fotografía e coa inserción dos lemas en galego.
- A proxección de curtametraxes e películas en galego.
- A elaboración dos marcadores co gallo do Día das Letras Galegas.
- A publicación na páxina web do IES Moncho Valcarce dos traballos premiados no certame e nos distintos concursos.
- Ademais do exposto, o EDLG do noso IES ten previsto participar nun obradoiro que desenvolverá o Concello das Pontes coa axuda da editorial Kalandraka. Este obradoiro, aínda por determinar, ten como novidoso o feito de presentar como conclusión ás actividades desenvolvidas nel a elaboración de varios espazos radiofónicos na emisora local municipal. Nestes espazos, o alumnado poderá participar desenvolvendo oralmente en galego algunhas das propostas traballadas no obradoiro

#### **e) Potenciar o uso da lingua fóra do centro en colaboración con outras institucións, entidades ou asociacións externas ao centro.**

O noso EQDL pretende tamén potenciar o uso da lingua fóra do centro. Neste sentido ofrece asesoramento lingüístico a todas aquelas institucións, entidades ou asociacións que así o demanden. Así mesmo, colabora co Concello das Pontes nas distintas actividades relacionadas co emprego do galego como charlas, concursos, certames, obradoiros...

Ademais, este ano temos intención de desenvolver unha campaña para a elaboración de pegatinas en galego que irán destinadas ó comercio da vila. O noso obxectivo é tratar de potenciar o uso da nosa lingua fóra do centro educativo.



**I.E.S. MONCHO VALCARCE**  
Rúa Xosé M<sup>a</sup> Penabad López s/n  
15320 As Pontes  
Tel: 981 451351 Fax: 981 440748  
ies.moncho.valcarce@edu.xunta.es



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



**f) Colaborar con outros centros educativos no deseño da planificación lingüística e/ou realización de actividades.**

Como en anos anteriores, o noso EDLG realiza reunións co EDLG do IES Castro da UZ co fin de organizar actividades conxuntas. Nesta ocasión temos pensado participar conxuntamente nun contacontos e obradoiro a cargo do grupo a Tropa de Trapo.

**g) Realizar actividades plurianuais.**

Entre as actividades de carácter plurianual destacamos as seguintes:

- O certame literario.
- O concurso de tarxetas de Nadal.
- O concurso de declaracións de amor.
- O visionado de curtametraxes e películas en galego.
- Os marcadores do Día das Letras Galegas.

**i) Diversificar as actividades ó longo do curso de xeito que estas resulten numerosas e coherentes cos obxectivos propostos.**

Por todo o exposto anteriormente, pode deducirse que un dos obxectivos primordiais do noso EDLG é diversificar as accións dinamizadoras atendendo ás necesidades en cada momento do curso grazas á flexibilidade do proxecto. Así, colaboramos nalgúnhas das saídas do centro, asistimos a representacións teatrais, convocamos o certame e concursos xa mencionados, tratamos de complementar a formación con charlas e obradoiros, elaboramos materiais para dinamizar o uso do galego como os marcadores, colaboramos en diversas actividades desenvolvidas por outros membros da comunidade educativa...

**6. Impartición de materias en linguas estranxeiras.**

Actualmente o centro ten autorizada a impartición de dúas seccións bilingües en lingua inglesa nas materias de Matemáticas e Proxecto interdisciplinar no 1º curso da ESO.